

ACTA DA REUNIÓN DO XURADO DESIGNADO PARA O CONCURSO DE IDEAS, CON INTERVENCIÓN DE XURADO, A NIVEL DE ANTEPROXECTOS, PARA A CONSTRUCCIÓN DA NOVA SEDE DO IMELGA EN SANTIAGO DE COMPOSTELA

Lugar: Sala nº2 do edificio administrativo de San Caetano

Data: 22 de novembro de 2021

Hora de comezo: 10:00 h

Hora de remate: 15:30 h

ASISTENTES

Presidenta: Dona Beatriz Cuiña Barja - secretaria xeral técnica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo

Secretaria: Dona Natalia Lobato Mosquera - subdirectora xeral de Réxime Xurídico da Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo

Vogais:

Don Juan Manuel Pintos Martínez - xefe do servizo de Obras e Proxectos da Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo

Dona Blanca Carballal Mariño - arquitecta proposta pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade

Dona Sofía Alonso Blanco - arquitecta proposta pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade

Dona M^a Ángeles Mosqueira Vidal - arquitecta proposta polo Instituto Galego de Vivenda e Solo

Don Santiago Catalán Tobia - arquitecto en representación do COAG

Don Manuel Carbajo Capeans - arquitecto en representación do COAG

Dona Marta Viñas Hylas-Bernoud - asesora xurídica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo

Don Juan José González Acevedo - interventor delegado da Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo

DELIBERACIÓNS E ACORDOS

Abre a sesión a presidenta do xurado que comproba a relación de asistentes e a existencia do quórum necesario para celebrar a reunión, de conformidade co disposto no apartado 5.2 do prego de bases que rexe o concurso.

Posteriormente, a secretaria do xurado da conta do resultado da reunión da comisión administrativa celebrada o día 5 de novembro de 2021 coa finalidade de analizar e valorar a corrección da presentación das candidaturas.



O resultado da análise das proposicións presentadas foi o seguinte:

NÚMERO	LEMA	PROPOSTA DE ADMISIÓN
1	MMXXI010	NON, POR INCUMPRIMENTO DO APARTADO 7.2.1 DO PREGO DE BASES AO INCUMPRIR Á OBRIGA DE PRESERVAR O ANONIMATO (NO CORREO ELECTRÓNICO NO QUE SE ANUNCIA A DATA DE IMPOSICIÓN DA PROPOSTA NA OFICINA DE CORREOS CONSTA NOME E APELIDOS)
2	IARDA033	SI
3	ONICE537	SI
4	AKXLM792	SI
5	LEGAL123	SI
6	ALVEO007	SI
7	CABAZ007	SI
8	BEV_IV_447	SI
9	AIWNA500	SI
10	ASTRA123	SI
11	ECOST022	SI
12	170NSECA	SI
13	OPERA501	SI
14	STGIM	SI
15	MEZKA369	SI
16	EGJIA117	SI
17	TAGRE003	SI
18	PLAZA309	SI
19	EDAME185	SI
20	LQCLM123	SI
21	PEDRA083	SI
22	XYZ3AB21	SI
23	ORION	SI
24	PATIO505	SI
25	XEITO217	SI



NÚMERO	LEMA	PROPOSTA DE ADMISIÓN
26	ESTRUCTURA	SI
27	MATEO833	SI
28	VIDAS123	SI
29	TREES333	SI
30	FENDA112	NON, POR INCUMPRIMENTO DO APARTADO 7.2.1 DO PREGO DE BASES AO INCUMPRIR Á OBRIGA DE PRESERVAR O ANONIMATO (NO CORREO ELECTRÓNICO NO QUE SE ANUNCIA A DATA DE IMPOSICIÓN DA PROPOSTA NA OFICINA DE CORREOS CONSTA NOME E APELIDOS)
31	OSURE149	SI
32	PATIO159	SI
33	STELA075	SI
34	GRAPA	SI
35	OITAP000	SI
36	CORAL310	SI
37	CINCO321	SI
38	TENET101	NON, POR INCUMPRIMENTO DO APARTADO 7.2.1 DO PREGO DE BASES AO INCUMPRIR Á OBRIGA DE PRESERVAR O ANONIMATO (NO EXTERIOR DO SOBRE CONSTA O ESTUDIO DE ARQUITECTURA REDACTOR)
39	PEDRA455	SI
40	IGMD111	SI
41	EDCBA321	NON, POR INCUMPRIMENTO DO APARTADO 7.2.1 DO PREGO DE BASES AO INCUMPRIR Á OBRIGA DE PRESERVAR O ANONIMATO (NO CORREO ELECTRÓNICO NO QUE SE ANUNCIA A DATA DE IMPOSICIÓN DA PROPOSTA NA OFICINA DE CORREOS CONSTA NOME E APELIDOS)



NÚMERO	LEMA	PROPOSTA DE ADMISIÓN
42	MI000NOS	SI
43	XVIDA106	SI
44	AMEBA008	SI
45	XKLMQ037	SI
46	WOOD101	SI
47	SILICE360	SI
48	PATIO230	SI
49	FATUM013	SI
50	AZBCH981	SI
51	IE4CBC17	SI
52	KFSOL012	SI
53	ORFEO479	SI
54	CRPNT744	SI
55	MACTA361	NON, POR INCUMPRIMENTO DO APARTADO 7.2.1 DO PREGO DE BASES AO INCUMPRIR Á OBRIGA DE PRESERVAR O ANONIMATO (NO CORREO ELECTRÓNICO NO QUE SE ANUNCIA A DATA DE IMPOSICIÓN DA PROPOSTA NA OFICINA DE CORREOS CONSTA NOME E APELIDOS)
56	ABXYZ060	SI
57	OFORO101	SI
58	IMGSC021	SI
59	GMMFA199	SI

A continuación, o xurado acorda, por unanimidade dos seus membros, a non admisión das proposicións nº1 (lema MMXXI010), nº30 (lema FENDA112), nº38 (TENET101), nº41 (EDCBA321) e nº55 (MACTA361) polos motivos sinalados pola comisión administrativa.

Posteriormente, se procede a examinar os sobres B dos participantes admitidos, así como a dar traslado, aos membros da comisión técnica, dunha memoria USB coas propostas contidas nel, para os efectos da súa avaliación, de conformidade cos criterios establecidos na base 5.3 dos pregos que rexen o concurso.

No momento de revisar os sobres B detéctase que a documentación de tres das propostas presentadas reflicten elementos na documentación diferentes ao lema. A



cláusula sete do prego de bases que rexe o concurso, no seu apartado 2.1, establece que non poderá figurar nin no exterior dos sobres nin no seu interior ningún documento, escrito ou gráfico, referencia que permita identificar, directa ou indirectamente, os membros do equipo redactor distinta do LEMA. En consecuencia, de conformidade co establecido na indicada cláusula, acórdase, por unanimidade, a exclusión das seguintes propostas: nº 22 (LEMA: XYZ3AB21. Neste caso consta identificación do estudio de arquitectura redactor), nº 43 (LEMA: XVIDA106. Neste caso consta unha dirección postal) e nº 52 (LEMA: KFSOLO012. Neste caso consta un número de teléfono móbil).

Finalmente, no momento da apertura dos arquivos dixitais detéctase que as propiedades dos arquivos de seis das propostas presentadas reflicten elementos na documentación diferentes ao lema, en concreto nomes e apelidos. A cláusula sete do prego de bases que rexe o concurso, no seu apartado 2.3, no penúltimo parágrafo, establece que non poderá figurar ningún elemento na documentación que permita identificar ós concursantes, sexa de xeito individual ou colectivamente; que esta prohibición se estende ás propiedades dos arquivos dixitais e que a única identificación posible será o LEMA baixo o que se presenta. En consecuencia, de conformidade co establecido na indicada cláusula, acórdase, por unanimidade, a exclusión das seguintes propostas: nº9 (LEMA: AIWNA500), nº 23 (LEMA: ORION), nº 36 (LEMA: CORAL310), nº 45 (LEMA: XKLMQ037), nº56 (LEMA: ABXYZ060) e nº 57 (LEMA: OFORO101).

De conformidade coa base 3.2.2 das bases que rexen este concurso contra o acordo de exclusión pódese interpoñer, de xeito potestativo, recurso especial en materia de contratación. A tramitación do citado recurso axustarase ao disposto nos artigos 44 ao 60 da LCSP e terase en conta o Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais. Contra a resolución do recurso só procederá a interposición de recurso contencioso - administrativo conforme ao disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso - administrativa.

En virtude do establecido no artigo 35 bis) da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico e na Resolución do 1 de marzo de 2018 pola que se dá publicidade do acordo do Tribunal sobre a data de comezo de exercicio das súas funcións (DOG Nº 45, do 5 de marzo de 2018), o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (en adiante TACGAL) é o órgano competente para o coñecemento e a resolución do recurso especial.

A dirección e demais datos de contacto son:

TACGAL
Raxeira 52-2º
15781 Santiago de Compostela
Teléfono: 881 995481
tacgal@xunta.gal

Rexistro Xeral da Xunta de Galicia
<https://tacgal.xunta.gal>



Para a interposición do recurso, tal e como se reflicte na Resolución do TACGAL nº 179/2019, do 2 de agosto de 2019, debe identificarse só o LEMA co que participaron no concurso, dado o seu carácter anónimo.

E, por último, se acorda que a comisión técnica se reúna o martes, 30 de novembro, para unha primeira posta en común.

Sen máis asuntos que tratar a presidenta levanta a sesión e redactase a presente acta que asinan a presidenta e a secretaria, unha vez manifestada a conformidade co seu contido polos membros do Xurado.

Natalia Lobato Mosquera
Secretaria do Xurado

Beatriz Cuiña Barja
Presidenta do Xurado

